

PREGUNTA DE AER SOBRE AS AXUDAS PARA A CREACIÓN DE OFICINAS LOCAIS DE FOMENTO COOPERATIVO E DA ECONOMÍA SOCIAL.

PLENO 02 MARZO DE 2017. ACTA 03/2017

O pasado día 15, a Xunta de Galiza publicou a seguinte orde:

"Programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social." Dentro desta existe este programa: "Programa II: Oficinas locais de fomento cooperativo e da economía social."

O obxecto do mesmo é incentivar a participación dos concellos e doutras entidades locais de Galicia no labor de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, subvencionando os gastos da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo e da economía social, así como a realización de actividades.

Sendo o prazo de presentación dun mes, remata o día 15 de marzo, preguntamos:

Solicitaron ou teñen pensado solicitar estas axudas?

A concelleira AMOEDO DASILVA di que na oficina de desenvolvemento local están a estudar a orde porque é algo moi específico. Están a favor de participar en todas as iniciativas de fomento do emprego.